

# Elaboración de materiais didácticos para alumnos de formación continua, ocupacional,...

## Descrición

Os materiais didácticos son un conxunto de ferramentas de traballo dirixidas tanto aos alumnos como aos docentes dos cursos de formación continua ou ocupacional. Estas ferramentas son:

- Manual do alumno con contidos teóricos
- Manual do profesor.
- Fichas de traballo con enunciados para os alumnos
- Fichas de traballo comentadas para os profesores
- Presentación de diapositivas.

## Obxectivos

- Servir de guía para os alumnos destes cursos.
- Transmitir de forma sinxela a información básica do programa do curso.
- Proporcionar información adicional e acceso a recursos para as persoas que desexen ampliar a súa formación na materia.
- Proporcionar aos docentes unha ferramenta para estruturar o desenvolvemento das sesións do curso

## Metodoloxía

Os materiais didácticos elaborados adaptaranse aos obxectivos e contidos do programa do curso, á carga de horas lectivas e ao tipo de alumnado ao que se dirixa.

En todo caso, empregaranse estes criterios para a elaboración dos mesmos:

- Sinxeleza.
- Concisión.
- Relevancia na escolla da información presentada.

O alcance e a profundidade dos contidos, e a importancia concedida a cada un dos aspectos tratados dependerá dos obxectivos do curso e das necesidades a satisfacer. No entanto, os materiais orientaranse a ofrecer unha visión xeral do proceso de creación de empresas e a servir como ferramenta de traballo para as persoas que estean a poñer un proxecto emprendedor en marcha.

Os docentes disporán de materiais con comentarios, suxestións e, no seu caso, a solución dos casos e exercicio propostos aos alumnos. Os materiais deseñados para os profesores ofreceranlles unha alternativa para estruturar e desenvolver as sesións do curso.

Empregaranse os recursos textuais e gráficos precisos para facilitar a comprensión do texto e potenciar o uso dos materiais na práctica:

- Táboas.
- Gráficos.
- Cadros resumo.
- No seu caso, anexos ou separatas que se poidan empregar con independencia do resto dos materiais.

## Contidos

Os materiais didácticos dun curso de creación de empresas conterán, polo xeral, estes aspectos:

- As persoas emprendedoras.
- A xeración e a maduración das ideas emprendedoras.
- A planificación do proxecto emprendedor.
  - Busca de recursos e asesoramento.
  - O plan de empresa.
  - A planificación da posta en marcha do proxecto.
- Directorio de recursos e entidades de interese.

### **Produtos xerados**

Os materiais didácticos elaborados substanciaranse nos seguintes produtos:

- Documento de texto
  - Manual do alumno, cos contidos teóricos.
  - Anexos con táboas, cadros, gráficos, documentos de interese e directorio de recursos.
  - Manual do profesor, coa relación
  - Fichas de traballo do alumno e do profesor
- Presentación de diapositivas:
  - Presentación dos contidos teóricos e prácticos do curso, coa secuencia de contidos que estrutura e desenvolve as sesións.

Estes documentos poderanse entregar tanto en soporte físico (papel), como en soporte óptico ou magnético (CD, DVD,...): xeraranse nun formato de uso xeralizado que poida ser empregado en calquera computador cunhas prestacións mínimas e aplicacións ofimáticas de edición de texto e cálculo.

Adicionalmente poderanse elaborar fichas de traballo en follas de cálculo ou naquel formato que se considere máis axeitado.

(Maquetación)

**Referencias** (Clientes aos que se lles teña prestado un servizo similar)